

**A ESTRADA NO INFORME DE  
LITERATURA 1999, DO “CENTRO  
RAMÓN PIÑEIRO”**

Acusamos recibo desta magnífica publicación que dá noticia nun amplo volume e tamén en soporte electrónico (CD-ROM) de todo o relacionado coa literatura galega nas súas máis diversas manifestacións no transcurso do ano 1999.

Na páxina 765 efectúase unha recensión do noso anuario A ESTRADA, miscelánea histórica e cultural nº 2, 1999 e, en posteriores páxinas coméntanse diversos traballos dos nosos colaboradores:

- **“As dúas mulleres de Castelao”**, de Olimpio Arca Caldas, paxs. 9-47.
- **“Os traballos e os días. Aspectos da vida cotiá no rural estradense do s. XIX. Os testemuños de García Barros, Marcial Valladares e Alfredo Vicenti”**, de Juan Andrés Fernández Castro, paxs. 63-108.
- **“Un singular centro bibliográfico galego”**, de Xosé Neira Vilas, paxs. 241-243.

— “**Os trobadores de Taveirós**”, de Mercedes Brea, paxs. 151-155.

— “**La poética de Pay Soarez de Taveirós**”, de Gema Vallín, paxs. 157-164.

Desde A ESTRADA, miscelánea histórica e cultural, felicitamos a dona Blanca-Ana Roig Rechou, Directora deste *Informe de Literatura*, e a todo o seu equipo de colaboradores.